

SESION: VENRES 5 DE XUÑO, 2020

L.GALEGA.


4 º DE ED. PRIMARIA

Bos días, nenos e nenas:

Hoxe, en Lingua Galega ,tedes que realizar as seguintes actividades:

VOCABULARIO

1. Le os significados que ten a palabra peón e indica cal corresponde a cada oración.



peón s.m. 1. Obreiro non especializado que realiza un traballo simple. 2. Persoa que vai a pé, viandante. 3. Cada unha das pezas do xogo de damas ou xadrez. 4. Xoguete de madeira con punta de ferro, buxaina...

_ Antón traballa de peón na construción.

_ Lois e Sabela están xogando co peón no patio.

_ Lois cruza sempre polo paso de peóns.

_ Xosé comeu dous peóns co cabalo.

GRAMÁTICA

1. Busca no poema de Antón Cortizas as formas verbais e escribe ao carón o seu infinitivo.

Sei dun xornalista dun grande xornal
que escribe noticias dende a capital,
e de tal maneira nolas enguedella
que onde é abella el escribe ovella
e nunca se sabe se o que di é cabal.

sei → saber

..... →



..... →

..... →

..... →

..... →

..... →



2. Escribe oracións coas seguintes estruturas:

→ artigo + nome + adxectivo + verbo + nome

→ artigo + adxectivo + nome + verbo + artigo + nome + adxectivo

→ nome + verbo + artigo + nome + adxectivo

ESCRIBIR

1. Se ordenas estas palabras de menor a maior número de letras, e escribes a primeira letra de cada palabra, sairán un verbo, un adxectivo e un nome.

igrexas • lazos • repousar • un

ollas • lixeiros • mar

durmir • nós • alamedas • os

Xa rematamos por hoxe.

Deséxovos unha boa fin de semana! Desfrutade moito!

Quérovos! Moitos bicos.

LOLI

